



Recomendación dirixida ao Concello de Neda para que proceda a maior brevidade a declaración de nulidade da inscrición padronal, e a baixa de oficio por inscrición indebida

Expediente: O.3.Q/202/18

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don [REDACTED]

ANTECEDENTES

A queixa tiña por obxecto que, por parte do Concello de Neda, procedeuse a empadronar ao seu fillo menor, do que ten a custodia compartida, sen o seu consentimento, sen a súa sinatura e sen ningún soporte documental que xustificara unha inscrición padronal a solicitude de un só dos proxenitores.

Ante iso requirimos informe a ese concello, que xa nola remitiu. O Concello de Neda remite certificación dun acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018. A primeira parte deste acordo recolle un relato de feitos que, ademáis de non coincidir co que fai a persoa que promove este expediente, é irrelevante respecto da cualificación da situación xurídica na que se basea o escrito de queixa, como veremos de seguido.

Nas súas conclusións, a certificación dese acordo da Xunta de Goberno manifesta que ese Concello *“non se axustou estritamente ao procedemento establecido no apartado 2.2 da Resolución do 16 de marzo de 2015, disfunción ocasional sobre a que xa se adoptaron as medidas oportunas para a súa corrección e trámite acorde con aquela nos sucesivos procedementos que se puidesen suscitar”*.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

1.- Sobre o contido do acordo

Como acabamos de indicar, débese sinalar que o relato dos feitos que se contén na certificación é, en sentido propio, un contido alleo a un acordo dunha Xunta de Goberno Local. A referencia ao acontecido e aos termos nos que se produciron as reunións ou as comparecencias do interesado no concello non pode formar parte dun acordo da Xunta de Goberno Local. En primeiro lugar, porque entre as competencias da Xunta de Goberno Local (tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local) só cabería, ao abeiro do artigo 127, e neste suposto concreto, acordar a revisión de oficio deste acto (letra k do artigo 127) pero non é posible acordar como se produciron uns determinados feitos. Ese relato recolle a versión dunha das partes, sen que haxa elementos probatorios de ningún tipo que a validen, porque todas as situacións producíronse nun contexto informal e de forma verbal. Segundo o interesado, a situación foi exactamente a contraria.

2.- Sobre o empadramento realizado sen observar o procedemento legalmente establecido

No informe indícase que “o Concello asumiu que o proceso de empadramento do seu fillo non se axustou, en puridad, á recente normativa respecto diso”, e que se lle ofreceron ao cidadán diversas solucións, insistíndolle na presentación da sentenza da que se derivaba o sinalamento dun domicilio.

Porén, non se afirma que se lle solicitara a sentenza á nai que instou o cambio do empadramento. Recordámoslle o disposto no apartado 2.2 da *Resolución de 16 de marzo de 2015, de la Subsecretaría, por la que se publica la Resolución de 30 de enero de 2015, de la Presidencia del Instituto Nacional de Estadística y de la Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales, sobre instrucciones técnicas a los Ayuntamientos sobre gestión del padrón municipal, sobre elementos obligatorios da inscrición dos menores e da forma de acreditar a representación legal, elementos que son de obrigada observancia polos concellos.*

2.2.1 Representación legal: La representación de los menores de edad e incapacitados se rige a efectos padronales por las normas generales del Derecho Civil.

De conformidad con lo dispuesto en el art. 162 del Código Civil, los padres que ostenten la patria potestad tienen la representación legal de sus hijos menores no emancipados, por lo que en principio bastará con la presentación del Libro de Familia o Certificado de nacimiento para reputar válida dicha representación.

No obstante, en los supuestos de separación o divorcio, en virtud de lo establecido por el artículo 156 del Código Civil, la patria potestad se ejercerá por aquel con quien el hijo conviva por lo que, conforme a lo previsto, asimismo, en el artículo 54.2 del Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales, las inscripciones en el Padrón, o modificaciones de sus datos, se instarán en exclusiva por el progenitor que ostente la guarda y custodia, lo que se deberá acreditar mediante copia de la correspondiente resolución judicial. De la misma manera, en los supuestos de tutela, acogimiento, etc. se deberá aportar copia de la resolución judicial.

Cuando se solicite la inscripción o cambio de domicilio de un menor con uno solo de sus progenitores, junto con la cumplimentación de la hoja padronal o formularios para que se notifiquen al Ayuntamiento los datos de inscripción y la aportación del Libro de Familia para reputar válida la representación, se debe exigir la firma de ambos progenitores (siempre y cuando la guarda y custodia del menor no esté confiada en exclusiva al que realiza la solicitud). La firma del otro progenitor no incluido en la hoja padronal podrá recogerse en la misma, si estuviera habilitada para ello, o en una autorización por escrito que acompañe a la hoja padronal.

Cuando excepcionalmente no se disponga de la firma de ambos progenitores deberá aportarse una declaración responsable, firmada por el progenitor que realiza la solicitud, de tener la guarda y custodia del menor y capacidad legal suficiente para hacer la inscripción o el cambio de domicilio en el Padrón municipal, así como de no encontrarse incurso en alguno de los supuestos de hecho previstos en los artículos 103.1.c) o 158.3.c) del Código Civil. En el Anexo I se incluye el modelo de declaración responsable, con efectos legales probatorios, en su caso, de falsedad documental.

En caso de que el progenitor que realiza la solicitud se encontrase incurso en alguno de los supuestos de hecho previstos en los artículos 103.1.c) o 158.3.c) del Código Civil, deberá aportar copia de la resolución judicial correspondiente autorizando la inscripción o el cambio de domicilio del menor en el Padrón municipal.

Por otra parte, en los supuestos de guarda y custodia de menores compartida por ambos progenitores en períodos de tiempo muy equilibrados, si la sentencia judicial por la que se fija la misma no se pronuncia sobre el lugar de empadronamiento, el Ayuntamiento, siempre que sea conocedor de la situación, exigirá prueba documental de que existe mutuo acuerdo entre los progenitores antes de tramitar cualquier modificación del domicilio del menor y, en caso de que no se pueda acreditar el mutuo acuerdo, exigirá la presentación de una resolución judicial que se pronuncie expresamente sobre el empadronamiento, y no llevar a cabo la modificación en tanto no se aporte alguno de los documentos anteriores.

3.- Sobre a revisión de oficio

Insiste o informe en que se lle ofreceron ao cidadán varias solucións sinxelas para corrixir a situación e que el insistiu nos prexuízos que se lle irrogaban sen especificalos. Sobre esto, esta institución debe lembrarlle ao concello que, unha vez coñecida a circunstancia de que o menor foi empadronado sen cumprir os requisitos establecidos pola normativa para acreditar a súa representación legal neste trámite, xa que non se achegou copia da resolución xudicial da que se derivase que a nai ostentaba en exclusiva a garda e custodia do seu fillo, é o Concello de Neda o que debe proceder á revisión de oficio.

Non é suficiente, como fai a Xunta de Goberno Local, recoñecer que tratouse dunha disfunción ocasional e que xa se adoptaron as medidas oportunas para corrixila e para que se fagan os trámites de acordo con ela nos sucesivos procedementos. Débese corrixir tamén o trámite feito neste procedemento e acordar á maior brevidade a revisión de oficio dun acto nulo por prescindir absolutamente do procedemento establecido e ser contrario ao disposto nunha resolución xudicial firme que o concello descoñeceu precisamente por non observar o procedemento no momento da inscrición.

Non consta, ao abeiro do artigo 54.2 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais o consentimento do proxenitor para que o menor figure empadroado noutro domicilio. Xa que logo, por aplicación do artigo 72, débese proceder a una baixa de oficio por inscrición indebida. Esta situación, por afectar a un menor de idade, cuxo interese é o máis necesitado de protección, débese acometer con urxencia. Non é preciso lembrarlle a ese concello os efectos dunha modificación do domicilio dos menores, que van desde a escolarización ata o exercicio mesmo da garda e custodia compartida, como neste caso, ou o réxime de visitas noutros supostos.

Esta institución ten coñecemento de que o Concello de Neda certificou o empadroamento e iso ten producido efectos na vía xudicial, circunstancia que debe ser aclarada para preservar os dereitos do menor.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese órgano municipal a seguinte **recomendación**:

Que o Concello de Neda proceda a maior brevidade a declaración de nulidade da inscrición padronal, e a baixa de oficio por inscrición indebida, ao abeiro dos artigos 72 e 54.2 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Se non obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo